



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ACTA (4ª) DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO, GRUPO V, DO CONCELLO DE PONTECESO.

En Ponteceso, sendo as 09:00 horas do día 1 de abril de 2025, na Biblioteca Pública Municipal de Ponteceso, reúnese o tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza de operario/a de Obras e Servizos, persoal laboral fixo, grupo V.

Constitúese o tribunal nesta data e hora, asistindo os seguintes membros titulares:

Presidenta: Julia Ures Villar, normalizadora lingüística do Concello de Ponteceso

Secretaria: Mª José Sueiro Pose, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso

Vogais:

Primeiro: Rubén Pérez Cotelo, coordinador do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ponteceso

Segundo: Alejandro Rodríguez Cruz, condutor de Obras e Servizos do Concello de Ponteceso

Terceiro: Ernesto Fernando Calvo Pérez, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso

O obxecto da reunión é a celebración do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica).

Conforme á base 7.1.2 b), o tribunal, no día de hoxe e con carácter inmediatamente previo á realización do exercicio, procedeu á elección do contido da proba práctica do segundo exercicio da fase de oposición, determinando que a mesma consista na realización das 3 probas prácticas seguintes, relacionadas directamente coa parte específica do temario do anexo II e coas funcións propias do posto convocado, nas que se valora en cada unha o uso das medidas de seguridade empregadas polos aspirantes:

- Execución de tabique ladrillo refractario
- Execución de arqueta de ladrillo e tubos de entrada e saída
- Execución de revestimento con azulexo, de conformidade co deseño achegado.

O tribunal acorda que os criterios de puntuación deste segundo exercicio, sobre o total de 30 puntos que figura nas bases, serán os seguintes:

- 9 puntos para a execución de tabique ladrillo refractario
- 11 puntos para a execución da arqueta de ladrillo e tubos de entrada e saída
- 7 puntos para a execución de revestimento con azulexo.
- 3 puntos para as medidas de seguridade

A puntuación mínima que deberán acadar os aspirantes será de 15 puntos, quedando excluídos do proceso selectivo os que non consigan esta nota de corte, dado o carácter eliminatorio da proba. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terá a cualificación de "NON APTO/A".

Ás 10:00 horas realízase o chamamento a viva voz aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición (test) e concorren os seguintes:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
1	AMADO MATO, M ^a ROCIO	***6146**	SI
2	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	SI
3	FIGUEIRAS VIGUERET, JESUS	***6495**	SI
4	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	SI
5	MEL LEMA, ALEJANDRO	***6486**	SI
6	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	SI
7	PEREZ VILLAR, MIGUEL ANGEL	***6834**	NON
8	SOAGE DOVAL, DIONISIO	***4983**	NON
9	VARELA REIGIA, LUCIANO MODESTO	***5108**	SI
10	VICENTE FERREIRO, MIGUEL MANUEL	***2633**	NON
11	VILLAR BELLÓN, JUAN JOSE	***3058**	SI

Cada aspirante disporá de 60 minutos para a realización da proba práctica.

Sendo as 10:15 minutos comézase co chamamento individual dos aspirantes para a realización da proba práctica. O candidato chamado, antes de iniciar a proba, deberá poñer no seu exercicio o cal contén cada un dos criterios a valorar en cada proba, os seus datos identificativos e sinatura.

Os aspirantes Francisco José García Paz e Alejandro Mel Lema, unha vez chamados, comunican ao tribunal que renuncian a facer a proba. O aspirante Juan José Villar Bellón, non comparece cando se lle efectúa o chamamento para realizar a proba. Os tres candidatos quedan excluídos do proceso selectivo, dado o carácter eliminatorio da proba.

Ás 13:55 minutos remata o último candidato a proba práctica. Deseguido, o tribunal comeza a cualificación dos exercicios, acadándose as seguintes puntuacións:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 2º exercicio Proba práctica
1	AMADO MATO, M ^a ROCIO	***6146**	NON APTA
2	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	27,18



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 2º exercicio Proba práctica
3	FIGUEIRAS VIGUERET, JESUS	***6495**	NON APTO
4	GARCIA PAZ, FRANCISCO JOSE	***2205**	NON APTO
5	MEL LEMA, ALEJANDRO	***6486**	NON APTO
6	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	18,37
7	VARELA REIGIA, LUCIANO MODESTO	***5108**	NON APTO

Quedan excluídos do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acadaron 15 puntos, puntuación mínima esixida para superar este exercicio, e que constan coa cualificación de NON APTO/A.

Rematada a fase de concurso e os dous primeiros exercicios da fase de oposición, as puntuacións totais acadadas polos aspirantes son as seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE CONCURSO 15 pts.	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 30 pts	CUALIFICACIÓN FINAL 75 pts
1	CASTRO ANDRADE, FERNANDO	***6597**	0	26	27,18	53,18
2	PENEDO FONDO, JOSE LUIS	***0178**	2,4	25	18,37	45,77

O tribunal cualificador acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos candidatos un prazo de **cinco (5) días hábiles** (base 7.1.3), aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións á cualificación do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica).

Segundo: Fixar a data de realización do 3º exercicio da fase de oposición (**proba de galego**), para aqueles aspirantes que non acreditaron estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente e superaron os dous exercicios da fase de oposición, o **martes 15 de abril de 2025**, ás 10:00 horas no salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso.

A presidenta do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 14:40 horas do día 1 de abril de 2025, redactándose a presente acta, que asinan dixitalmente os membros do tribunal.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15